



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 16.05.2018 acordou:

3. APROBACIÓN DA MEMORIA XUSTIFICATIVA E DOS PREGOS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM). EXPTE 10681/407

Antecedentes:

O día 14.05.2018 a técnica de administración xeral e o xefe dos Servizos Centrais co conforme do xerente de Urbanismo e co informe favorable do secretario da Xerencia de Urbanismo do 15.05.2018 informan:

ANTECEDENTES

Con data 3.04.2018 o Consello da Xerencia adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Declarar deserto o procedemento aberto de contratación do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal e da actualización cartográfica do Concello de Vigo, por non terse presentado ofertas no prazo habilitado ó efecto e que rematou o 20.03.2018.

SEGUNDO.- Incoar o procedemento aberto simplificado para a contratación do voo do término municipal de Vigo que permita a actualización cartográfica.

TERCEIRO.- Incoar o procedemento aberto para a contratación, a través de dous lotes, da actualización cartográfica do término municipal de Vigo e da elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal.”

Unha vez incoado o procedemento aberto para a contratación da actualización cartográfica do término municipal de Vigo e da elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, procedeuse a elaboración duns novos pregos tanto técnicos como administrativos coas seguintes premisas:

- 1) Dado que o procedemento de contratación anterior foi declarado deserto, revisáronse as condicións técnicas e económicas establecidas polos pregos en orde a favor a concorrência. Desta forma, divídese o obxecto do contrato en 2 lotes (cartografía e revisión do PXOM) e revísase ó alza o presuposto de licitación, introducindo -de acordo coas estimacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia-un factor de corrección do prezo que contemple a súa actualización e ponderación da complexidade dos documentos a elaborar, en función tamén dos tempos de tramitación administrativa.
- 2) Revisión dos pregos para adecualos á nova normativa vixente. A entrada en vigor o pasado 8 de marzo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

obrigou a modificar numerosos aspectos nesta contratación. Así mesmo, a publicación no perfil do contratante (na web municipal) estará enlazada, por primeira vez para este Organismo Autónomo, coa Plataforma de Contratación do Sector Público.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCAP).

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP núm 193, do 06/10/2010)

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, competente de conformidade co artigo 10º.2. h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (BOP de 6 de outubro de 2010), a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto

ABSTENCIÓNS: 3 votos: 1 da Marea de Vigo: Sr. Pérez Correa; 2 do PP: Sres. Egerique Mosquera e Fidalgo Iglesias

A FAVOR: 6 votos do PSOE: Sres. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, López Font e Rodríguez Escudero.

Acordo:

O Consello por maioría, acorda:

Primeiro.- Aprobar a memoria xustificativa da contratación do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica de Vigo; ordenando a súa publicación no perfil do contratante.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación nº 10681/407 denominado “contratación do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica de Vigo”.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, reguladores do dito contrato e aprobar o gasto derivado da presente contratación, por importe total de 2.770.790,13 euros (IVE incluído), e con cargo ós orzamentos de 2018 (partida 1510.2270602), 2019, 2020 e 2021.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de licitación do “contratación do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica de Vigo” mediante a publicación dos anuncios esixidos pola Lei 9/2017, do Contratos do Sector Público. Dada a insuficiencia de medios informáticos específicos a





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

licitación non será electrónica.

Quinto.- Designar como responsable do contrato á Xefa da Área Técnica desta Xerencia Municipal de Urbanismo, D^a María Luisa Sobrino Del Río.

Sexto.- Darlle traslado a todos os servizos desta XMU que estean vinculados á presente contratación, en especial á Xefatura da Área Técnica, ós Servizos Centrais para a súa tramitación e o Servizo de Planeamento.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

Me/V^o e P^e.

A vicepresidenta da XMU

María José Caride Estévez



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 29/05/2018 10:55

Páxina 3 de 3

EXPEDIENTE 10681/407

CSV: 2DEF5H-A6BHDC-DE253H-JTCCSG-Y4NT2Y-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>